

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 4 de xuño de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 04/06/2018.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 04/06/2018.
- III. Calendario escolar, horarios e exames para o curso académico 2018-2019
 - Calendario dos Graos en ERME e EE
 - Calendario TFG
 - Calendario do Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Calendario, horarios e exames do Mestrado en Xeoinformática
 - Horarios e aulas do Grao en ERME
 - Horarios e aulas do Grao en EE
 - Horarios e aulas do Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Exames e aulas do Grao en ERME
 - Exames e aulas do Grao en EE
 - Exames e aulas do Mestrado en Enxeñaría de Minas
- IV. Documentación relativa ao Plan de Calidade
 - R2-DO0102P2 Informe final de seguimento
 - R1-DE02P1 Panel de indicadores
 - IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores
 - PE-01 P1 Procedemento para a xestión de persoal
 - PA08 Procedemento para a xestión de servizos
 - Xestión da mobilidade:
 - ✓ R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
 - ✓ R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo

Ábrese a sesión ás 13 horas e 05 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2018.

Envíouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2018.

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- O 23 de abril celebráronse as eleccións a Reitor. A toma de posesión do equipo reitoral é o 8 de xuño, por iso solicitouse o cesamento de dona Natalia Caparrini como directora, con data 7 de xuño, así como o nomeamento de dona María Araújo como directora en funcións, con data 8 de xuño.
- O 23 de abril celebráronse tamén as eleccións a representante ao Claustro. No que respecta á emE os representantes elixidos foron:

PDI-A	Alonso Prieto, Elena
	Araújo Fernández, María
	Eguía Oller, Pablo
	Patiño Vilas, David
PDI- B	Liñares Méndez, Patricia
Alumnado	Domínguez Branco, Santiago
	Rico Fontes, Juan Jesús

- No Consello de Goberno do 21 de marzo aprobouse a PDA para o curso 2018-19, así como os seguintes puntos asociados:
 - Aprobar o límite de prazas solicitado.
 - Aprobar a Bolsa de Recoñecementos do centro
 - Aprobar a ofertar para ou curso 2018/19 da mención de Mineralurxia e Metalurxia.
 - Non aprobar o cambio de adscrición da materia Xeoloxía, que continuará adscrita ao departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.

- O 5 de marzo recibíuse a valoración sobre o Informe de Seguimento da Certificación Fides-Audit do SGC da emE, presentado o 15 de novembro para a renovación da certificación. O informe é FAVORABLE, con indicación de que se implanten todas as accións incluídas no mesmo.
- O 5 de abril recibíuse o informe FAVORABLE para a verificación do plan de estudos que conduce ao título oficial do Mestrado en Xeoinformática.
- O 9 de maio 2018 tivo lugar a visita da comisión avaliadora do Mestrado en Enxeñaría de Minas para a renovación da acreditación do título.
- O 31 de maio recibíuse o Informe Provisional de Acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas. No devandito informe indícase unha cuestión de “obrigado cumprimento” e varias “recomendacións”. Dispóñase ata o 27 de xuño para presentar alegacións.

DIMENSIÓNS e CRITERIOS	VALORACIÓN
DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO	
Criterio 1. Organización e desenvolvemento	C - Alcánzase parcialmente
Criterio 2. Información e transparencia	B - Alcánzase
Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	SGC - Certificado
DIMENSIÓN 2. RECURSOS	
Criterio 4. Recursos humanos	B - Alcánzase
Criterio 5. Recursos materiais e servizos	B - Alcánzase
DIMENSIÓN 3. RESULTADOS	
Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	B - Alcánzase
Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento	B - Alcánzase

- O 1 de xuño rematou o prazo para participar nas Enquisas de Satisfacción do Alumnado para o estudiantado de mestrado e de 3º de grao. O día 21 de maio a participación do alumnado da emE era do 31,4% fronte a un 27,45% da Uvigo

- O 1 de xuño a Unidade de Análises e Programas comunicou a publicación dos resultados da enquisa de satisfacción dos egresados/as correspondente ao curso 2015-16.

Título	Participación	Índice de satisfacción			Valoración emE	Valoración Uvigo
		Total	Mulleres	Homes		
Grao en Enxeñaría da Enerxía	50%	3.34	3.49	3.26	3.38	3.3
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	41%	3.01	3.29	2.86		
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	71%	3.69	3.79	3.7		
Máster Universitario en Xeoinformática	67%	4.07	~	4.07		

- O 1 de marzo tivo lugar a conferencia titulada "África e os Minerais de Sangue", impartida por Chema Caballero, escritor, cooperante e asesor de ONGs

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/comunicacion/eventos-antiores/1141-conferencia-afica>

- Do 1 ao 4 de marzo celebrouse a Feira de Minerais de Santiago de Compostela. A escola participou coa Exposición "Recursos Naturais de Galicia" e cun taller de identificación de minerais.

- Do 7 ao 9 de marzo celebrouse o "Foro Tecnolóxico de Emprego". A escola participou cunha caseta ao que asistiron diversas asociacións vinculadas coa escola e estas mesmas asociacións participaron nas conferencias.

<https://www.youtube.com/channel/UC0-4jP2KBPwuMBBuSbBP5hg>

- O 12 e 13 de marzo celebráronse as "Xornadas para a transformación dixital da industria 4.0" organizadas por CEAGA coa colaboración das tres escolas de enxeñaría da UVigo. A escola participou cun relatorio ofrecido por Pedro Arias.

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/comunicacion/eventos-antiores/1149-jtdiag-2018-2>

- Do 22 ao 24 de marzo celebrouse en Silleda a II Feira da Enerxía. A escola participou cunha Caseta e cunha xornada técnica: "Aplicación de ferramentas de simulación e modelado ao campo da enerxía" impartida por profesorado da escola.

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/comunicacion/eventos-antiores/1151-feg-2018>

- O 23 de marzo celebrouse na escola a xornada: “Tecnoloxías e Aplicacións en Túneles Cívís e Minería” impartida por Sika e a Fundación Santa Bárbara. A xornada completouse cunha sesión práctica realizada en León o 24 de abril para os estudantes do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/comunicacion/eventos-antiores/1150-sika-2018>

- O 25 de abril, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia e ACLUXEGA fixeron entrega dos Premios aos mellores expedientes da cuarta promoción dos Graos. O acto completouse coa presentación da traxectoria académica e profesional de tres egresados.

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/comunicacion/eventos-antiores/1156-premios-expedientes-2018>

- O 30 de abril fíxose a visita técnica á Central Térmica das Pontes de García Rodríguez para alumnos de 1º e 2º de Grao.

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/comunicacion/eventos-antiores/1153-visita-as-pontes>

- O 5 de maio celebrouse en A Coruña o Día da Ciencia na Rúa. Diversas entidades do sector xeolóxico e mineiro unímonos baixo a denominación “Minaría Sustentable de Galicia”:

- Asociación Galega de Áridos
- Cámara Oficial Mineira de Galicia
- Colexio Oficial de Ingenieros de Minas del Noroeste
- Colexio Oficial de Ingenieros Técnicos y Grados en Minas y Energía
- Ilustre Colexio Oficial de Geólogos
- Instituto Geolóxico y Minero de España
- Instituto Universitario de Xeoloxía da Universidade da Coruña.
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

- O 16 de maio presentáronse ante un xurado os proxectos do I PREMIO DE RESTAURACIÓN SUSTENTABLE DE ESPAZOS MINEIROS. O gañador foi o proxecto Recuperación Canteira Richinol realizado polos alumnos Elena Domínguez Estévez, Xoel González Vieitez, Víctor Lago García e Carlos Arnaiz Amorín do Grao IRME

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/difusion/concurso-de-restauracion>

- O 25 de maio chegaron as vitrinas para a exposición permanente de minerais e que foron financiadas polo Vicerreitorado de Economía e Planificación. A través do ANL a Xunta tamén financia 4000 € de material gráfico asociado á exposición.
- O 28 de maio, en Comisión Permanente, aprobouse a solicitude realizada por Delegación de Alumnado para a axuda de Extensión Universitaria para a realización de actividades extraacadémicas e de difusión cultural: “Semana Cultural Santa Bárbara 2018”
- O 1 de xuño o egresado do Grao EE José Ignacio Iglesias Prado recibiu un dos premios fin de carreira que concede a Xunta aos mellores expedientes do sistema universitario galego.
- Iníciase o proceso de guías docentes 2018-19: Do 1 ao 11 de xuño os coordinadores dos títulos deben revisar a aplicación e a partir do 11 ábrese para o profesorado. O centro establecerá os seus prazos internos. As guías deberán estar elaboradas, revisadas e aprobadas en Xunta de Centro antes do día 10 de xullo.

3. Aprobación, se procede, do Calendario Escolar para o curso académico 2018-2019, na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Enviouse a información por correo electrónico (Anexo III), previamente á celebración da presente reunión.

A directora amosa e comenta o calendario escolar para os graos impartidos na escola, así como o calendario de TFG. A continuación pásase a mostrar os calendarios para os mestrados en Enxeñaría de Minas e en Xeoinformática.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Calendario Escolar para o curso académico 2018-2019, na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

4. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2018-2019.

Os horarios das titulacións (Anexo III) foron enviados por correo electrónico. Estes horarios foron consensuados co profesorado en reunións celebradas previamente á presente Xunta de Escola. Xunto coa elaboración dos horarios, levouse a cabo a reserva de aulas e laboratorios necesarios para a docencia.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2018-2019.

5. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2018-2019.

Enviouse por correo electrónico a documentación (Anexo III). A proposta de exames presentada foi consensuada coa delegación de alumnos en reunións celebradas previamente á presente Xunta de Escola. Así mesmo, a directora informa que reserváronse os espazos necesarios agás no caso dos exames da convocatoria extraordinaria, que só serán reservados no caso de ser necesario.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2018-2019.

6. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Toda a documentación relativa a este punto (Anexo IV) foi aprobada pola CGIC da emE nunha reunión celebrada previamente á presente Xunta de Escola.

- Rexistro R2-DO0102P2 Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG) correspondente ao Mestrado en Enxeñaría de Minas. No curso 2016-17 realizáronse os informes de seguimento dos títulos do centro. O Mestrado en Enxeñaría de Minas pasaba seguimento externo por parte da ACSUG que emitiu o Informe Final Conforme.
- Rexistro R1-DE02P1 Panel de indicadores. Este rexistro é un extracto do Informe de Revisión pola Dirección, aprobado por pola CGIC con data 27 de febreiro de 2018 e en Xunta de Escola con data 28 de febreiro de 2018.
- Rexistro IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores. Este rexistro foi elaborado pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona. Ana M^a Cacheiro, e recolle o procedemento para a compra de recursos de materiais con cargo ao orzamento do Centro, proceso de xestión e criterios de selección de provedores.
- Rexistros do procedemento PE-01 P1 Xestión do persoal. Foron elaborados pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona. Ana M^a Cacheiro, e recolle:
 - ✓ Identificación das necesidades de PAS do centro: Necesidade dunha praza de Coordinador/a de Centros
 - ✓ Identificación das necesidades de formación do PAS do centro: Solicitud dun curso de formación
- Rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos. Estes rexistros foron elaborado pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona. Ana M^a Cacheiro. Detállanse as empresas adxudicatarias dos servizos, permanentes e contratados, así como as actuacións levadas a cabo para a súa adxudicación.

- Rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:
 - ✓ R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado. Este rexistro resume a mobilidade dos estudantes do centro. Faise unha comparativa cos porcentaxes obtidos no curso anterior, tal como amosa a seguinte táboa:

	Curso 2016-17		Curso 2017-18	
	EE	ERME	EE	ERME
Total alumnado:	19	3	22	3
Porcentaxe	7,7%	2,6%	9,9%	2,8%
Mulleres	9,5%	0%	16,4%	2,5%
Homes	7%	3,8%	7,1%	3%

- ✓ R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo. Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase un incremento no número de estudantes alleos: Curso 2016-17: 5 estudantes; curso 2017-18: 7 estudantes.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

7. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a catro de xuño de dous mil dezaoto.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 04/06/2018



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 04/06/2018

ANEXO III

Calendario escolar, horarios e exames para o curso académico 2018-2019:

- Calendario dos Graos en ERME e EE
 - Calendario TFG
- Calendario do Mestrado en Enxeñaría de Minas
- Calendario, horarios e exames do Mestrado en Xeoinformática
 - Horarios e aulas do Grao en ERME
 - Horarios e aulas do Grao en EE
- Horarios e aulas do Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Exames e aulas do Grao en ERME
 - Exames e aulas do Grao en EE
- Exames e aulas do Mestrado en Enxeñaría de Minas

ANEXO IV

Documentación relativa ao Plan de Calidade:

- R2-DO0102P2 Informe final de seguimento
 - R1-DE02P1 Panel de indicadores
- IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores
 - PE-01 P1 Procedemento para a xestión de persoal
 - PA08 Procedemento para a xestión de servizos
 - Xestión da mobilidade:
- ✓ R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
- ✓ R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo